

Entrevista a
Antón Gómez-
Reino,
Candidato de
Galicia en
Común



Páxina 7

A Coruña
exixe da taxa
por uso das
instalacións
deportivas



Páxina 8

Sober pide
axuda europea
para dotar de
Wifi zonas
turísticas



Páxina 12

O alcalde
quere que
Monforte volva
ter unha
ponte de ferro



Páxina 13

Homenaxe a
Alexandre
Bóveda en
Ourense



Páxina 16



Ofrenda do Antigo Reino de Galicia en recordo ás vítimas da Covid 19

Páxina 14

Entrevista



Ana Pontón, portavoz nacional do BNG

“Necesitamos un goberno
galego que lle plante cara
ao “madricentrismo””

Páxina 6

O PARAÍSO
é unha lenda
SOBER
unha realidade
Visítanos



Concello de Sober

Síguenos en:



Opinión

Por José Paz Rodríguez

(Professor aposentado da Universidade de Vigo, Presidente da ASPGP e Académico da AGLP)

Somos parte da terra e ela é parte de nós

O 5 de junho foi declarado em 1972 como “Dia Mundial do Meio Ambiente”. Com tal motivo é fundamental que nos centros de ensino dos diferentes níveis se organicem atividades didáticas sobre um tema tão importante, para sensibilizar a estudantes e escolares sobre o importante que é respeitar o meio natural. Especialmente agora que sabemos que a mudança climática está provocando, e vai provocar, graves problemas para toda a humanidade. O meu depoimento quer ajudar a criar sensibilidade positiva entre a cidadania e, para isto, acudo ao lindíssimo discurso de um índio americano pronunciado já em 1854, com uma vigência atual verdadeiramente surpreendente.

A Terra não pertence ao homem, senão o homem à Terra”, declarou em 1854 o líder da tribo índia Suwamish de Seattle, no noroeste de América. Quando o “Grande Chefe Branco” de Washington, que naquela altura era o presidente Franklin Pierce, queria comprar um bom punhado de ricas terras índias. A carta que o chefe índio lhe enviou ao chefe branco em resposta está considerada como o manifesto ecologista mais formoso e acertado da história. E vem a conto porque, desde 1970, o dia 22 de abril celébra-se em muitos lugares do planeta o Dia Internacional da Mãe Terra, que no seu momento promoveu o ecologista americano Nelson. E, desde 1972, o dia 5 de junho comemora-se o Dia Mundial do Meio Ambiente. Para criar uma consciência comum aos problemas da contaminação, a conservação da biodiversidade e outras preocupações ambientais relacionadas com a proteção do Planeta Azul. Mais tarde, quase desde o começo, a ONU apoiou a celebração destas datas, onde na sua sede de Nova Iorque, com o equinoccio, sona o Sino (Campá) da Paz. O manifesto ecologista acima citado, lindo de verdade, pode ser consultado e lido entrando na

internet. Sem embargo, quero hoje comentar alguns dos seus mais formosos e significativos treitos. Deixo que fale o índio suwamish: “Somos parte da Terra e ela é parte de nós. As olorosas flores são as nossas irmãs, o cavalo, o coelho e a lebre, a majestosa águia, são nossos irmãos. Os picos das rochas, as ervas das pradarias, o calor do corpo do cavaleiro e o homem, todos pertencem à mesma família”. Eis uma forma poética de dizer que



todos os seres vivos formam uma cadeia inter-dependente. “Os rios são os nossos irmãos, eles calmam a nossa sede. Os rios levam as nossas canoas e alimentam os nossos filhos, se vos vendemos as nossas terras, deveredes lembrar e ensinar a vossos filhos que os rios são os nossos irmãos e irmãos vossos; deveredes em diante dar aos rios o trato bondadoso que dariades a qualquer irmão” (...) “O homem branco trata à sua mãe a Terra, e ao seu irmão, o céu, como se fossem cordeiros e contas de vidro. O seu insaciável apetite há devorar a Terra e deixar há tras sua só um deserto. Não o compreendo. A nossa maneira de ser é diferente da vossa”

(...) “Os índios preferimos o suave som do vento que acarícia o rosto do lago e o olor do mesmo vento, purificado pela chuva do meiodia ou perfumado pela fragância das árvores. O ar é algo precioso para o homem pele vermelha, porque todas as cousas compartem o mesmo alento; o animal, a árvore e o homem. O homem branco parece não sentir o ar que respira” (...) “Consideraremos a vossa oferta de comprar as nossas terras. Se decidimos aceitá-la, porei uma condição: que o homem branco deverá tratar os animais destas terras como irmãos” (...) “Todas as cousas estão relacionadas entre sim” (...) “Devedes ensinar isto a vossos filhos: que a Terra é a nossa mãe e tudo o que lhe afete à Terra, afeta



rios, lagos e mares. O ar, que não o notamos, mas, se falta, morremos. A terra que, ademais das catástrofes naturais, como as dos últimas décadas, não a tratamos como verdadeira mãe que é, queimando os seus bosques e fragas e fazendo talas indiscriminadas, sem dar-nos conta da importância vital das árvores. Ainda lembro o triste atentado da tala de carvalhos na fraga de Cecebre, que tão bem cantou no seu livro O bosque animado, Fernández Flórez. Por todo isto, desde as escolas, e desde a terceira escola dos médios de comunicação social, temos que dar a conhecer a crianças e jovens a Carta da Terra, para que se cumpram os seus quatro princípios básicos: Respeito e cuidado da vida, Integridade ecológica, Justiça social e económica e Democracia, não violência e paz. Uns lindos princípios com grande atualidade no momento que o mundo está passando com esta pandemia infame.

Uma boa alternativa pedagógico-didática, que proponho aos docentes dos diferentes níveis educativos, seria que organizassem nos seus centros de ensino um Ciclo de Cinema Educativo e Ecológico, que teria que incluir os seguintes filmes: Dersu Uzala (Akira Kurosawa, 1974), A missão (Roland Joffé, 1986), Os dentes do diabo (Nicholas Ray, 1960), A selva esmeralda (John Boorman, 1985), Uma verdade incómoda (Davis Guggenheim, 2006), O rio da vida (Robert Redford, 1992) e Quando o vento sopra (Jimmy T. Murakami, 1986, em desenhos animados).

FUCO PRADO





Escribir en Galicia é chorar

Si, xa sei que non son nada orixinal. Adiantouseme Larra só que el falaba de Madrid. Estou seguro que de dar unha volta por este noso mundo volvería a repetir a frase. Tal vez enganándolle algo máis, coma por exemplo “escribir en Madrid é chorar polos mortos que non tiveron quen chorara por eles”.

Eu non me vou poñer a chorar, obviamente. Nunca se me deu ben iso de soltar as bágoas con facilidade. Sempre me crin un tipo duro ata que chegou o momento da verdade. Ese momento cando sentes unha forte presión nas entrañas e non es quen de resistilo sen soltarte, sen deixarte ir e chorar abundantemente. Ocorreume a primeira vez cando morreu meu pai. Foi logo de volver de enterralo, cando xa todo o mundo estaba mais ou menos tranquilo cando eu, logo de facerme o forte durante os últimos días, tiven que saír á eira da casa e chorar amargamente. Aínda hoxe cando falo disto se me humedecen os ollos. Será que xa son moi vello. A segunda vez foi cando tiven que presenciar como metían nun oco dun panteón familiar o corpo sen vida da miña dona. Algo que me resultou insoportable. Alí xa non me foi suficiente chorar en silencio. Tiven que gritar, preguntándome por que se ía así, daquela maneira tráxica e inesperada. Despois de cinco longos anos sigo facéndome a mesma pregunta cada día, cada noite no soidade do noso leito. Perdoen, non podo seguir porque xa non vexo ben o teclado.

O que quería dicirlles a todos vostedes era que nestes momentos, logo de que tantas persoas se foron sen que ninguén puidera chorar por elas, seguimos ensarillados nunha madeixa de despropósitos que non ten nin se lle ve futuro. Os nosos políticos non choran que berran. Insúltanse como pescantinas daqueles tempos que se puñan a parir disputándose a clientela. Non sabemos realmente que caste de persoas están ao mando deste

País. Hai veces que nos parecen razoables; logo, sen que veña moito a conto, lánzanse ao pescozo dos adversarios como fixera un león cando quere atrapar a súa presa.

En Galicia temos eleccións á vista. Estaban suspendidas polo bicho coroado ese; puxéronse de novo en marcha e xa somos testemuñas de como remata o tempo en que todos dicíamos había que

Resulta inviolable antes e despois de reinar. Claro, pero cando actúa ou actuou como rei ou sempre? Parece que sempre. Logo esta muller tiña razón. Se resultaba violada polo “emérito” a quen ía acudir? Agora sabemos que a lúa de mel dos actuais reis, tan modernos eles e tan pulcros, foi pagada por un “colega de regatas” do vello rei. Pouca cousa, algo máis de medio millón de euros. Claro que o

nos anuncian que non morreu, senón que estaba de carallada e os seus “fillos putativos” tráeno de novo ao congreso e as rúas. Fraga dixo “la calle es mía”, Abascal di “imos tomar o país”, pero en coche, que é máis cómodo.

En fin, que podemos seguir chorando en Galicia, en España, no mundo enteiro. As nosas bágoas só serven de alivio persoal cando saen soas, pola forza dos sentimentos, pola forza do amor. Por moito que nos laiemos polo que está pasando ninguén vai acudir no noso auxilio.


Galicia precisa un novo goberno. Esta afirmación debería ser compartida polo 99,9 % dos galegos, sen embargo parece ser que non é así.

Alguén dirá que os galegos e galegas somos ceibes para elixir a quen queiramos. Eu, visto o visto, diríalle que NON. Nestes momentos as eleccións persoais deixaron de selo cando todo o entramado arredor de internet nos fixo a cobra. Xa non decidimos nós. Deciden eles por nós. Polo tanto aqueles políticos que teñan o vento a favor (lease medios de comunicación pesebristas, practicamente todos) teñen os resultados asegurados. Os outros teñen que saír ao campo a xogar o partido aínda sabendo que árbitro e xuíces de liña están comprados. Incluso ese artiluxio que agora nos diverte tanto, o famoso VAR.

Outro día, con máis calma e menos melancolía, dareilles algúns datos curiosos, se non fora porque conforman a nosa vida sen o noso permiso, sobre como dende arriba (pero non dende o Ceo, tranquilos) se nos espía, se nos dirixe, se nos controla. “Marionetas en la cuerda”, lémbrense? Preciosa canción gañadora de eurovisión, se a memoria non me falla.

Sexan felices agora que estamos en desescalada (menudo palabro!!!), é tendemos a retomar a nosa vida, polo menos naquilo que nos permiten.

Saúdos a todos e voten ben; con V ou con B; como lles guste.



ir a unha. Bo, en realidade dicir díciase pero no fondo poucos ou ningún o crían de verdade. Non é moco de pavo facerse coa Presidencia da Xunta. Cargo de moi alta estima para calquera político. Pode mandar, ordenar, avasallar e non ten consecuencias. Parece que lles dotamos dun manto “real” que os protexe de case todo. No caso da realeza, parece que de todo.

É curioso. Estes días lin un comentario que facía referencia as posibles falcatruadas do rei Emérito (menudo calificativo lle foron a buscar); unha muller preguntaba que se este señor podía violala e marcharse de “rositas” tan tranquilo, como os “gardiáns das esencias patrias” fixeron constar nos seus informes.

novo rei agora di que se sente moi mal ter gozado daquelas estupendas vacacións por países paradisíacos porque os cartos non eran do soldo de seu pai. Sería tan “imbécil” que non se decatara de nada. A súa irmá defendeuse do cárcere declarando diante do xuíz que non sabía nada do que facía o seu ínclito marido, hoxe no cárcere, pero con servizos especiais. Chámalle parva!! En fin, que Franco nos deixou todo “ben atadiño”; xa se dicía daquela que todo quedaba atado e ben atado. Certo. Agora as malas herbas agroman e saen coma foguetes a sentarse nas bancadas do Congreso. Se Arias Navarro saíu na televisión cheo de pena e comunicándonos que “Españoles, Franco ha muerto”, agora resulta que

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Solución pública para Alcoa

A decisión da multinacional Alcoa de pechar na vila mariñá de San Cibrao a única fábrica de aluminio primario de Galicia- e da península ibérica- supón a perda de 534 postos de traballo directos e uns 280 indirectos, con gravísimos efectos a respecto de milleiros de familias na Mariña toda. Pensemos que o complexo de Alcoa (que integra esta fábrica coa moi rendíbel de alúmina que seguirá a traballar) supón o terzo do PIB da provincia de Lugo. Unha catástrofe económica para a bisbarra mariñá e para todo o Norte de Galicia.

Desque chegou á Moncloa-hai xa dous anos-, o Goberno Sánchez non foi quen de aprobar un estatuto para a industria elec-

trointensiva que reduza o elevadísimo custo da enerxía eléctrica para estas actividades. Na Galicia exportamos case o 40% da enerxía que producimos, sufrindo os seus custos ambientais e paisaxísticos. A falla de rendibilidade da fábrica de aluminio de Alcoa subvenciona o consumo doméstico do barrio de Salamanca e do resto de barrios de Madrid.

Canto á Xunta, Feijóo segue a facer o que mellor sabe: botarlle a culpa aos demais, demitindo das súas responsabilidades como presidente deste País. Mentres o president Torra está a abrir negociacións directas cos directivos da Nissan no Xapón, o dos Peares renunciou interpelar aos directivos norteamericanos de Alcoa. Como

xa dixo cando se declarou o estado de “alarma” canda a pandemia da Covid-19 “é un problema do Goberno central”.

Mais non haberíamos esquecer á principal responsábel, que é a propia Alcoa. Unha multinacional que pecha a fábrica de aluminio de San Cibrao porque no contexto do oligopolio mundial élle moito máis rendíbel producir noutros lugares do mundo. Mais neste contexto ao mellor non matinou en que no novo paradigma europeo postpandemia é factíbel asumir o control estatal en empresas estratéxicas. Para Alcoa producir aluminio en San Cibrao pode non ser moi rendíbel, mais non ser viábel outro actor internacional producindo aluminio dende San Cibrao?

Velaí que a proposta de estatalización desta actividade produtiva, formulada polo BNG, CIG, UGT e CC.OO. semella unha

solución merecente de fondo estudo, tendo en conta que sería posíbel pór recursos enriba da mesa, como os 38 M€ achegados en axudas públicas á multinacional nos últimos anos para o mantemento dos postos de traballo e máis o orzamento de indemnización extintiva dos traballadores e do propio peche físico.

É urxente estudar unha solución pública que incorpore Alcoa ao sector público estatal, coa participación da Xunta no órgano de administración. Mais priorizando unha xestión profesional, mesmo percurando un socio privado industrial que poida viabilizar a fábrica de aluminio primario de San Cibrao no contexto dos mercados internacionais.



O erro Pérez de los Cobos

O meirande erro do ministro Grande-Marlaska foi manter o coronel Pérez de los Cobos no seu cargo cando accedeu en xuño de 2018 ao Ministerio, o mesmo que fixo co resto da equipa do ministro Juan Ignacio Zoido nos postos máis salientábeis do cumio da Policía Nacional (PN) e da Garda Civil (GC). Mesmo mantivo moi boa parte da equipa da chamada “policía patriótica” (inserida no seu día na Dirección Adxunta Operativa-DAO- da PN) até cando menos o verán de 2019.

Neste contexto, é evidente que o cesamento do coronel é outro grave erro, pola súa evidente conexión co seu rexeitamento a dar conta dunha información da que non debería dispor, pois que o ca-

pitán-xefe da policía xudicial operante no traballo da pericial requirida polo Xulgado de Instrución nº 51 de Madrid nas pescudas a respecto da relación entre o Delegado do Goberno e a demostración do 8-M dependía só desta xuíza ao abeiro do artigo 125 da

Constitución. Porén, esta dependencia xudicial non xustifica a parcialidade e graves inexactitudes da devandita pericial. Mais esa é outra historia.

Porque agora abrollaron dous problemas. En primeiro lugar, a existencia dunha cadea de mando na GC (coroneis e xenerais retribuídos con grande soldos, moi superiores aos dos comisarios e comisarios principais da PN) que reivindica a súa autonomía fronte ao Goberno do Estado, sen dúbida por se considerar parte dunha elite funcional integrante do poder real ou deep state. Mais tamén abrollou o xogo ambivalente do PSOE, que usou desta cadea de mando cando lle pareceu rendíbel, ao longo de todos os seus gobernos dende 1982.

Pérez de los Cobos presentouse de camisa azul falanxista nun cuartel da garda civil o 23-F de 1981 para apoiar a enxurrada golpista. Foi absolto por falla de probas dunha moi grave acusación por torturas na Euskadi de 1992 (no xuízo foron condenados tres dos seus compañeiros) e dirixiu o dispositivo de represión do Ministerio do Interior contra o referéndum catalán do 1-Ou de 2017, que causou 1066 feridos e tivo de ser detido, contra as 15-16 h., por Mariano Rajoy diante do rexeitamento amosado pola chancelera alemá Angela Merkel. No xuízo dos soberanistas cataláns perante o Tribunal Supremo estatal construíu un relato aberrantemente parcial en contra dos presos políticos, incompatible coa documental achegada no caso, nomeadamente as ducias de vídeos dos incidentes ocorridos.

Se a esquerda española pensa que xente como Pérez de los Cobos ten oco nun seu Goberno teñen un problema moi grave. E amosa ser pouco confiábel.



Alcoa: dous gobernos inoperantes

O xornalista galego José Luis Gómez ven de explicar a xeito que o problema do proxectado peche da factoría de aluminio primario de Alcoa non é só- nin nomeadamente- un problema de tarifa eléctrica, senón unha decisión que xurde da nova fasquía de Alcoa dende o 2014, orientada estratéxicamente cara a fabricación de motores para a industria aeroespacial e alúmina. Velaí que queira pechar a fábrica de aluminio de San Cibrao como pechou outras catorce no mundo. Mais quere manter a fábrica de alúmina (moito máis intensiva, por certo, no uso da enerxía eléctrica) e o uso excluínte dun porto público-o mariño de

San Cibrao-.

O eventual peche da fábrica de aluminio primario en San Cibrao xeraría un problema ambiental moi grave por mor da súa balsa de lodos vermellos, de 87,42 ha. de capacidade e xa case chea. A Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) ven de denunciar os gravísimos riscos para a vida humana e animal, para o ambiente natural próximo e máis para as actividades acuícolas que se desenvolven na veciñanza.

Para máis, Alcoa recibiu nos últimos anos 38 M€ de subvencións públicas que poderían serlle reclamadas de volta no caso de pecharen a devandita fábrica de aluminio primario.

Con todos estes dados o Goberno do Estado semella non se decatar do contexto e non tira proveito das súas armas: uso excluínte por Alcoa do porto público para a súa actividade esencial de produción de alúmina, reclamación dos 38 M € achegados en axudas públicas e busca de socio industrial para unha estatalización viábel no novo marco xurídico da Unión Europea.

Pola súa banda, a Xunta de Núñez Feijóo semella non se decatar da forza que habería facer co eventual incumprimento ambiental de Alcoa. Tampouco que Alcoa podería ser suxeito esencial do Consorcio aeroespacial que se quere desenvolver (semella, tamén que sen alicerces estábeis) a medio da estrutura física de Rozas-Lugo e da titulación universitaria da Uvigo no campus de Ourense. Nin das posibilidades xurídicas de nacionalización dende

as competencias industriais do Goberno galego.

Dende o coñecemento do contexto económico amosado polo xornalista José Luis Gómez e do contexto xurídico (europeo, estatal e estatutario galego) reflectido nas recentes manifestacións do profesor da UDC Carlos Aymerich, semella que a proposta de máximos do conxunto da sociedade mariñá e do BNG, UGT, CC.OO e CIG é a única viábel. E que os Gobernos galego e do Estado, dende a súa inoperancia industrial a respecto do problema de Alcoa, constitúen arestora parte do problema.

Certo tamén que a adicional inoperancia do Goberno do Estado a respecto do estatuto da industria electointensiva é fulcral para a sobrevivencia de Ferroatlántica, Megasa e outras varias industrias galegas. Mais ésta é outra historia.

Un mundo máis igualitario, inclusivo e xusto

Por **Lucía Lareo Pena**

Cada minuto 24 persoas deixan todo para fuxir da guerra, a persecución e o temor, atopándose dentro de ditas personalidade os refuxiados, que son altamente vulnerables e requiren de axuda urxente para a cobertura das súas necesidades máis básicas (Nacións Unidas, 2020; UNHCR ACNUR, 2020).

Tal e como establece o Alto Comisionado

das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR), no ano 2019 acadouse un récord de refuxiados e desprazados no mundo, chegando aos 79,5 millóns. Pero, ademais, cada vez incrementase en maior medida a dificultade para retornar aos países de orixe, situación que empeora, claramente, ante o impacto do COVID-19 (ACNUR, 2020).

ACNUR é consciente de que a causa dos

refuxiados constitúe a crise máis grave a nivel mundial e con maiores necesidades de financiación. Por dito motivo, coa pretensión de concienciar e sensibilizar sobre dita realidade, esta organizou diversas actividades dende diferentes Delegacións (Madrid, Andalucía e Valencia) con motivo do Día Internacional do Refuxiado que se celebra o 20 de Xuño.

Deste xeito, faise un chamamento á solidariedade, lembrando a necesidade de accións que axuden na consecución dun mundo máis xusto, inclusivo e igualitario, xa que todas as persoas contamos coa posibilidade de contribuír á sociedade.



Comunicado da Plataforma SOS Sanidade Publica

Realizouse por vía telemática o 28 de maio, dada a imposibilidade de realizar xuntanzas con participantes de diferentes provincias, como consecuencia da pandemia da COVID-19

Participantes:

Manuel Martín (Voceiro), Plataforma SOS de Santiago, Plataforma A Coruña, Plataforma Pontevedra, Plataforma Sanitaria da Mariña (intentouno e creo que tivo problemas de conexión pero penso que nalgún momento sí estivo), Plataforma Barbanza, Asociación de Comerciantes

do Entirno do Hospital Xeral de Vigo, Rosa Lanuxe Costal, Médicos do Mundo, CCOO, CIG, BNG, EnMarea, Galicia en Común e ANOVA.

Acordos:

1.- Denunciar a importante repercusión que tivo para a saúde a situación das Residencias de Maiores, de xestión e propiedade privada (moitas delas de fondos de investimento e multinacionais) que acumularon cerca do 50 % da mortalidade (6 dun total de 21 Residencias acumularon o 85% destas mortes). Existe unha clara re-

lación entre o modelo de xestión das mesmas e a mortalidade.

2.- Aacordouse esixir e apoiar unha investigación, para aclarar a situación, coñecer xs responsables e propoñer medidas de reforma do modelo de Residencias. A privatización das mesmas, asóciase a mortalidade e perda de dereitos fundamentais.

3.- Denunciar a política de recortes e privatizacións da atención sanitaria e socio-sanitaria da Xunta de Galicia. Só as especiais condicións sociais, xeográficas e medio-ambientais de Galicia impediron que a epidemia fose aínda máis trágica para a saúde.

4.- Esixir á Xunta de Galicia que as persoas que residen nas Residencias, teñan os mesmos dereitos á atención sanitaria pública, tanto de Atención Primaria como

hospitalaria, que o resto da poboación sen discriminacións. O sistema sanitario público ten que entrar nas Residencias.

5.- Abrir un proceso participativo (consensuado) e transparente, para potenciar e mellorar o actual Sistema Sanitario Público Galego, recuperando os recursos recortados, potenciando a Atención Primaria como eixo do sistema (imprescindible para a promoción e prevención da saúde), os servizos de Saúde Pública e de loita contra as epidemias e incrementado as camas hospitalarias e o persoal, tando dos hospitais públicos como na Atención Primaria. Sen isto será imposible garantir a saúde e loitar contra novas epidemias.

6.- Unha vez concluído este período especial, a Plataforma reunirase, para promover a mobilización social e profesional en respaldo a estas medidas.

CONFITERIA

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Pontareas

986 640 834

Entrevista

MONCHO MARIÑO

Entrevista Ana Pontón, portavoz nacional do BNG.

“Necesitamos un goberno galego que lle plante cara ao “madricentrismo””

Ana Pontón, portavoz nacional e candidata á Xunta de Galicia polo BNG, está certa que os resultados serán positivos para a formación nacionalista durante as eleccións do 12 de xullo, mesmo chegar a ser a segunda forza política do país. É consciente de que o momento social, económico e político é o máis diferente que se viviu en décadas. Con todo, as propostas que defende tanto para a industria, economía e mocidade cre que se poden aplicar dentro dun marco tan liberal como a UE.

-Como militante, cal é a interpretación que fai das enquisas electorais?

Sempre digo que debemos ser precavidos coas enquisas, porque ademais estamos en tempos de moita volatilidade, hai tempo de aquí ao doce de xullo. Con todo, observamos que o BNG é a forza que máis sobe no país, somos a forza que é capaz de ilusionar a esa maioría do país que quere un cambio en clave de país. Estou convencida de que o doce de xullo, se hai unha grande participación, o BNG dará a campañada. Abrirá un tempo novo para este país, faremos historia, porque por primeira vez poderíamos ter á fronte da Xunta a unha muller e unha nacionalista.

-O contexto atípico que vivimos agora mesmo como está afectando á campaña do BNG?

A anomalía máis grande foi ter un candidato do PP que utilizou os medios públicos para facer campaña encuberta. Isto é reprochable porque as demais forzas políticas aparcamos a campaña e o candidato do PP utilizou os medios públicos para facer unha descarada campaña electoral. Nós encaramos esta campaña con ilusión, porque estou convencida de que toda a propaganda e toda a manipulación informativa da CRTVG, non tapa que levamos once anos retrocedendo. Temos menos emprego, menos sanidade pública, menos servizos públicos. O país necesita entrar nun tempo novo da man do BNG. Creo que é posible, se hai unha grande mobilización o vindeiro doce de xullo.

-Retroceso é non asumir as

competencias sobre a AP-9?

O grave é que temos once anos onde Galiza non conseguiu ningunha nova competencia. E non a conseguiu porque o PP non quixo incrementar o poder político de Galiza. Perdemos poder político, perdemos as nosas caixas, un poder económico ao servizo da economía galega. O que nos salvará é ter un goberno que confíe en todo o potencial do país. Confiamos nas posibilidades que temos, nas posibilidades do país porque hai suficiente capacidade e enerxía para facelo. Mais para iso, precisamos un goberno que poña por diante os intereses de Galiza, que teña unha visión de futuro e que estea disposto a plantarlle cara a este “madricentrismo”. Madrid estase a converter nun burato negro que absorbe os nosos investimentos, o noso talento e mesmo unha parte da nosa poboación. Temos que cambiar as tornas.

-Como acelerarán a aplicación do estatuto das electrointensivas para salvar empresas como ALCOA?

Creo que o debate está noutro punto. A multinacional ALCOA ten tomada unha decisión que é pechar. A nós o que nos interesa é saber que se fará para non perder esta fábrica de aluminio primario. A única solución é unha intervención pública a través dunha nacionalización. A Xunta o que tiña que poñer sobre a mesa dúas propostas, a primeira, unha intervención conxunta entre a Xunta e Goberno Central, a segunda, unha tarifa eléctrica galega, porque non pode ser que

sexamos produtores de enerxía e non teñamos vantaxes sobre isto. Hai que acabar co expolio enerxético en Galiza.

-Estamos diante dunha chantaxe de ALCOA?

A nós preocúpanos o emprego e futuro dunha comarca. O que non entendemos que os mesmos que rescataron a banca con 90.000 millóns de euros, agora nos digan que é imposible o rescate do emprego e actividade económica. En Italia salvouse unha planta coa intervención do estado, en Alemaña, con Angela Merkel, liberal convencida, acaba de nacionalizar Lufthansa. Como non vai ser posible facelo cunha factoría industrial? Estou convencida que se a factoría de San Cibrao estivese en Madrid, hoxe habería unha solución sobre a mesa. Non podemos permitir que PP e PSOE non poñan solucións sobre a mesa.

-Sobre a política lingüística, cales son os puntos que abordará o BNG de chegar ao goberno da Xunta?

Primeiro, pasamos once anos de ataques ao galego e de querer camiñar a unha sociedade monolingüe en castelán. Cremos que o idioma é unha riqueza, temos que traballar para derrogar o decreto da vergoña, poñer en marcha unha nova política que acabe coa discriminación ás persoas galegofalantes e aproveitar a potencialidade que abre o marco da lusofonía que nos permite unha proxección internacional.

-Reforma estatutaria si ou non?

Un estatuto aprobado hai máis



de trinta anos é un traxe estreito para as necesidades actuais. Queremos un novo estautu que avance no noso recoñecemento como nación, na nosa capacidade de decisión e que sexan ferramentas para poñer en marcha o país. Necesitamos novas políticas e deixar de queixarnos porque se fagan repartos inxustos dos fondos, e non poñer sobre a mesa que poidamos recadar os nosos impostos.

-E por que non sobe o ideario soberanista?

Creo que nestas eleccións veremos unha suba do BNG, porque moitos galegos e galegas están apostando por nós, por defender e mirar polo noso, queren un cambio de paradigma. Neste momento post-Covid a xente cae na conta que hai que pensar globalmente mais actuar localmente. É importante reforzar o autogoberno fronte a globalización neoliberal.

-O feito de que exista a posibilidade dunha muller á fronte da Xunta é de por si, unha moles-

tía para o PP?

O PP sabe que o BNG ten un programa de futuro. Tamén lle molesta o feminismo, tentou culpabilizar unha mobilización do 8-M da pandemia, iso agocha o proxecto regresivo do PP para as mulleres. Feijóo nada máis entrou na Xunta apoiou unha rede vinculada ao Opus Dei, que quere impedir que as mulleres decidan sobre o seu corpo, a segunda medida foi recortar axudas a mulleres vítimas de violencia de xénero. Nós o que queremos é o contrario, máis recursos para a loita contra violencia de xénero e para a conciliación.

-Moita xente nova emigra, con moita preparación debaixo do brazo, cales son as propostas que pon o BNG?

Unha aposta decidida pola innovación, pois sabemos que hai moito talento que marchou, é unha cuestión clave. Tamén desenvolver un novo modelo económico que reactive Galiza, por dar oportunidades á xente.

MONCHO MARIÑO

Entrevista a Antón Gómez-Reino

“Hai un voto progresista que debe saber que existe alternativa ao PP”

Antón Gómez-Reino é o candidato á Xunta pola coalición Galicia En Común-Anova-Mareas, que busca o apoio do “voto progresista” para demostrar que “hai alternativa” ao PP. A posibilidade de goberno de coalición para Gómez-Reino é posible, “temos a man tendida”. Ademais, aposta pola implicación directa das institucións para a solución de problemas económicos e sociais no país.

-Indo pola actualidade, que postura tedes desde En Común sobre ALCOA?

As dúas administracións competentes teñen que implicarse inmediatamente. Sabemos que a Xunta de Feijóo non o quere facer, sabemos que o Ministerio de Industria ten sensibilidade mais non se atreve a unha maior implicación, en tal caso animámolo que o faga. O 13 de xullo ten que haber un goberno galego que sente a todas as partes implicadas nesa cuestión para realízar unha intervención pública e decidida para salvar os postos de traballo.

-A UE permitiría unha intervención pública?

Absolutamente, dentro do contexto actual temos casos en Alemaña ou Francia. A UE entende que é imprescindible garantir aos sectores estratéxicos e á industria estratéxica quede en Europa. Ten que haber un goberno galego que dialogue tanto co goberno central como co ámbito europeo para garantir os postos de traballo na Mariña.

-Cales son os vosos puntos programáticos para evitar a emigración da xente nova?

Temos un plan de retorno que fala de prazos concreto e cremos que é fundamental levalo adiante mediante o consenso das forzas políticas non só progresistas, senón no conxunto de forzas galegas. Un elemento fundamental para a xente nova é o dereito á vivenda digna. Temos unha serie de medidas como un parque de vivenda pública para aluguer e solucións habitacionais para toda a xente nova. A iso sumarlle que durante o primeiro ano de lexislatura que esteamos na Xunta, garantir aos menores de trinta anos no noso país que queira emanciparse, que o fagan. Temos que falar de renda, Renda de Garantía da Cidadanía

Galega, que será compatible con outros ingresos e rendas, como o Ingreso Mínimo Vital, para garantía de consumo. Garantir ademais que no ámbito estudantil e universitario para ter acceso ás bolsas nunha universidade gratuíta e libre.

-Que cuestións lle presentaría des ao goberno central desde o goberno da Xunta?

É imprescindible reactivar a comisión bilateral Xunta-Estado, levámolo pedindo con diferentes iniciativas. Así trataríamos diferentes transferencias, a primeira a da AP-9, que é unha tarefa pendente. Sobre o tema orzamentario hai que repensar o financiamento autonómico, Galicia ten que ser igual de importante que Cataluña e País Vasco.

-Para unha maior carga de traballo dos estaleiros en Galicia, que propoñedes?

Primeiro, que o goberno galego exerza o artigo 30 do estatuto de autonomía, para que non se dean situacións como as que se están dando en Vulcano e todo o que ten detrás, empresas auxiliares, todo porque o goberno do PP non está a pór todo para que Vulcano non teña futuro. Ten que haber unha implicación clara da Xunta, sen propaganda como PEMEX. Ten que haber paquetes concretos para os diferentes sectores, para a súa renovación. O mellor é ter un naval que poda capear a situación coa renovación da flota pesqueira.

-Proporíades a reforma estatutaria?

Hai trece anos que non se fala de reforma estatutaria. Dicía antes que Galicia ten que estar á mesma altura que País Vasco e Cataluña, no ámbito estatal. Hai que abrir un debate para construír un consenso entre forzas progresistas do país, e no ámbito do Estado, Galicia debe manter o seu estatuto

de nacionalidade histórica, que ocupe o seu lugar dentro do Estado, recuperar transferencias de competencias como corresponde. Dentro do debate estatutario non falamos só de reforma, senón de que Galicia debe participar en primeira persoa de todos os asuntos prioritarios do Estado. Se hai consenso, ampliar as competencias do Estatuto. Mais nestes últimos once anos tivemos un goberno que non exerceu competencias nin autogoberno que tiña que exercer.

-Alianzas si ou non?

Sempre. Nós nacemos como un espazo político que sempre puxo sobre a mesa gobernar para transformar. Somos conscientes de que o espazo progresista hoxe en día é máis plural por mandato da sociedade galega. Levamos semanas tendendo a man a PSdeG e BNG para formar esa alianza de progreso que cremos, sería moi positivo para activar o voto progresista e dar a sensación de que



outro goberno é posible. Somos clarísimos, acabaron os tempos das maiorías absolutas. Nós estamos preparados para gobernar.

-Cal foi o grande obstáculo para que as forzas progresistas non chegasen á Xunta durante estes últimos once anos?

Houbo dous procesos electoral, no primeiro caso 20.000 votos e no segundo 30.000. O grande obstáculo para min é a maquinaria de propaganda do PP no noso país. Dá a entender que non é

posible o cambio progresista en Galicia, nós impugnamos esa idea. Creemos que se a xente progresista é fundamental que vote. Nos dous últimos procesos electorais, que foron eleccións ao goberno do estado, houbo máis de 200.000 votos progresistas sobre os votos conservadores. Creemos que hai unha maioría social en Galicia que leva anos expresándose. Temos que mostrarlles que hai posibilidades de cambio, que saiban que hai alternativa e que voten.



MIRANDA

LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

www.libreriamiranda.gal

A Coruña eximirá do pago da taxa por usar as instalacións deportivas

O Goberno local eximirá do pago da taxa por usar as instalacións deportivas os clubs e entidades deportivas sen ánimo de lucro. Permitiralles organizar aqueles actos compatibles cos usos destes espazos e nos que non se leve a cabo ningunha actividade económica e que propoñan o acceso gratuíto ao público asistente, ata o 31 de decembro de 2020, segundo anunciou en rolda de prensa o concelleiro de Deportes, Turismo e Festas, Juan Ignacio Borrego.

O concelleiro destacou que o Goberno local estudará a posibilidade de ampliar o prazo ata o remate da tempada 2020-2021, 31 de xullo de 2021, en función da evolución da pandemia. Tamén indicou que, independentemente

deste anuncio, o Executivo local está a traballar nunha nova ordenanza de uso das instalacións deportivas municipais que pode supoñer a mellora destas medidas.

Borrego tamén anunciou que "o cumprimento do protocolo de desinfección das instalacións deportivas será asumido directamente polo concello mentres sexa esixido polas autoridades sanitarias e, ata que deixe de selo, naqueles actos compatibles cos usos das instalacións e nos que non se leve a cabo ningunha actividade económica e se propoña o acceso gratuíto ao público asistente". Os labores de limpeza, sinalou, "xa eran asumidos polo concello e reforzados na actualidade seguindo as esixencias do protocolo



da COVID-19". Desde o Goberno local "queremos botarlles unha man nestes momentos ás entidades deportivas", asegurou o edil.

Inés Rey comunica ás asociacións veciñais e de hostalaría das medidas de seguridade en San Xoán

Alcaldesa, Inés Rey, reuniuse cos representantes das asociacións veciñais e de hostalaría de toda a cidade para lles trasladar a decisión do Goberno municipal en relación coa celebración do San Xoán na Coruña.

A rexedora recordou os anuncios que xa fixeron públicos sobre o peche das praias desde aproximadamente as nove da noite do día 23 e a prohibición de facer cacharelas, non só nos areais, senón tamén en todo o termo municipal.

A alcaldesa informou aos colectivos veciñais e de hostalaría que o concello formulou o pasado venres unha consulta á Xunta de Galicia sobre as actividades que se poderán realizar esa noite, unha consulta que foi ampliada onte, unha vez que o DOG publicara o sábado o acordo do Consello da Xunta de Galicia referente ás normas sanitarias nesta fase de "nova normalidade". A Xunta non achegou aínda resposta sobre o tema, de modo que a alcaldesa



sinalou que emitirá un bando para informar á poboación da prohibición ao acceso a todas as praias da cidade, a realización de cacharelas en calquera zona pública e a música ao vivo. Tampouco haberá cortes de vías públicas.

O día 23 de xuño permitirase a realización de sardiñadas, churrascadas ou similares nos espazos solicitados polos locais e persoas particulares para a ocupación de vía pública. Só poderán facerse das 13.00 ás 16.00 horas e das 20.00 ás 00.00 horas do día 24. Para iso, as persoas solicitantes

deberán presentar unha declaración responsable polo menos 24 horas antes do día 23. Neste aspecto, Seguridade Cidadá vixiará durante toda a xornada o cumprimento do acordado pola Xunta de Galicia sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, unha vez superada a fase 3 do Plan para a transición cara unha nova normalidade. Nesta publicación, o Goberno autonómico limita a un 75% a capacidade da clientela no interior dos locais e a un 80%, nas terrazas.

Mobilidade remata as obras de accesibilidade das paradas de bus de Novo Mesoio



A Concellería de Mobilidade remata as obras de mellora da accesibilidade nas oito paradas de autobús urbano que realiza a liña 21 no barrio de Novo Mesoio. A actuación consistiu na ampliación das beirarrúas na zona do andén até a liña de calzada e inclúe unha nova sinalización podotáctil.

Os traballos realizáronse despois de que o equipo de Mobilidade percorrera o barrio o pasado 10 de marzo xunto as persoas representantes da asociación ve-

ciñal, as cales lles remitiron un dossier coas principais carencias do servizo do transporte público en Novo Mesoio. Tras estudalo, decidiron intervir na zona en que tamén teñen proxectada a habilitación este verán dun espazo reservado aos autocares escolares e un novo paso peonil na contorna do futuro colexio. Desde a concellería aseguran que ambas actuacións estarán listas para o inicio do curso escolar, pero que de momento non poden comezalas porque interferirían na obra do centro.

Exposición de Enrique Lista "Mirador de aves" no Pazo Municipal

A sala de exposicións do Pazo Municipal acolle do 11 de xuño ao 26 de xullo a exposición fotográfica "Enrique Lista. Mirador de aves", unha proposta que remite ao xénero pictórico tradicional do bodegón, pero tamén próxima ao uso da fotografía que o común dos mortais temos incorporado á nosa vida cotiá.

"Mirador de aves" reúne dous grupos de fotografías bastante definidos: cadáveres de paxaros atopados na rúa e comidas domésticas nas que pode verse algún ovo cocinado. As connotacións destas imaxes son bastante obvias, pero tamén teñen posibles lecturas máis complexas, sobre o que miramos cada día.

A exposición está composta por 10 fotografías de 100x70cm e 70 fotografías de 15x26cm,



aínda que o arquivo a partir do cal se seleccionaron contén máis de 200 imaxes. Para o catálogo seleccionáronse 72 fotografías, organizadas de xeito que o formato e a secuencia de páxinas teña un funcionamento autónomo, diferente ao das fotografías distribuídas nas paredes da exposición.

Gonzalo Caballero destaca que “somos o cambio con garantías” e augura unha nova vitoria nas urnas: “O 12X haberá en Galicia un presidente socialista”

O candidato socialista sinala que “os que recortaron os servizos públicos non poden pilotar a reconstrución” e chama a “meter a Feijóo no baúl dos records”

O candidato do PSdeG-PSOE á Presidencia da Xunta, Gonzalo Caballero, apelou a todos os galegos a sumarse ao “cambio con garantías”, a un “cambio tranquilo, comfortable” que non irá “contra ninguén” senón que traballará para que “ninguén quede atrás”.

“Somos a mellor opción para o futuro de Galicia”, subliñou o líder dos socialistas galegos, quen chamou a “meter a Feijóo no baúl dos records” a partires do 12 de xullo. Sobre todo, como dixo, porque quen durante 11 anos “recortou os servizos públicos, privatizou a sanidade e destruíu o emprego non pode agora pilotar a reconstrución” de Galicia trala pandemia.

É por iso, remarcou Gonzalo Caballero, “os socialistas saímos a gañar” estas eleccións, “con forza e con ilusión”, para construír “un goberno de progreso” na Xunta. “Porque Galicia -argumentou- é a nosa razón e o noso compromiso”, e “se en abril o cambio era necesario” para poñer fin á senda de “recortes e retrocesos” de Feijóo, “agora é imprescindible”.

Sobre todo, porque despois de frear a curva dos contaxios da covid en virtude das medidas tomadas polo goberno progresista en España, agora temos que “frear a curva da desigualdade” e “non deixar a ninguén na cuneta”. “As nosas receitas son máis necesarias que nunca”, evidenciou o candidato socialista á Presidencia da Xunta, consciente de que “somos a única garantía fronte aos recortes da dereita”.

Así pois, Gonzalo Caballero chamou aos galegos a “non resignarse ao PP de Casado, Ayuso e Feijóo”. “As eleccións do 12 de xullo son moi importantes. Se

non acertamos na resposta que queremos, estarémonos laitando durante outros catro anos dos recortes de Feijóo”, advertiu.

“CATRO SEMANAS PARA O CAMBIO”

Neste escenario, Gonzalo Caballero fixo fincapé en que “quedan catro semanas para o cambio” e para ter en Galicia un goberno que “defenda os servizos públicos e faga política pensando na cidadanía”. “Necesitamos revitalizar Galicia tralo diagnóstico en branco e negro que nos deixa Feijóo”, engadiu.

En concreto, referiu como os 11 anos de Feijóo en Galicia deixan 70.000 ocupados menos, unhas 500 camas menos nos hospitais públicos, 2.000 millóns de recortes na sanidade pública e tan só 26 vivendas públicas cons-

O líder do PSdeG compromete que un goberno progresista “esclarecerá todo o ocorrido nas residencias de maiores” de Galicia, onde faleceron 132 persoas sen hospitalización

truídas. “Galicia necesita abrir unha etapa de progreso e de oportunidades e o PP non é quen de facer política para remontar unha crise como esta”, incidiu.

Para poñer en marcha medidas que “a prol da xustiza social, a igualdade, os dereitos dos nenos e dos maiores” e pular pola creación de emprego e a mellora da economía, Gonzalo Caballero comprometeu un pacto político, cos axentes sociais e co municipalismo para “reconstruír o país”. Para “orientar” ese traballo, ademais, avanzou que contará con Xoaquín Fernández Leiceaga como conselleiro de Facenda do goberno autonómico.

Ademais, asegurou que un go-



verno progresista en Galicia “esclarecerá todo o ocorrido nas residencias de maiores” durante a crise da covid, porque 132 persoas faleceron en Galicia dentro dos xeriátricos. “Con responsabilidade, sen demagogia, pero entendendo que o dereito á dignidade implica dar información a quen perdeu a un ser querido”, concluíu, antes de remarcar que é “un compro-

berno progresista en Galicia “esclarecerá todo o ocorrido nas residencias de maiores” durante a crise da covid, porque 132 persoas faleceron en Galicia dentro dos xeriátricos. “Con responsabilidade, sen demagogia, pero entendendo que o dereito á dignidade implica dar información a quen perdeu a un ser querido”, concluíu, antes de remarcar que é “un compro-

berno progresista en Galicia “esclarecerá todo o ocorrido nas residencias de maiores” durante a crise da covid, porque 132 persoas faleceron en Galicia dentro dos xeriátricos. “Con responsabilidade, sen demagogia, pero entendendo que o dereito á dignidade implica dar información a quen perdeu a un ser querido”, concluíu, antes de remarcar que é “un compro-

“HOXE HAI MÁIS MOTIVOS”

Pola súa banda, a número dous pola provincia de Pontevedra, Isaura Abelairas, destacou de Gonzalo Caballero que é “reivindicativo” e “un traballador incansable” e resaltou que o PSdeG ten “gañas, experiencia e coñecemento” para afrontar o cambio.

A continuación, a cabeza de cartel por Lugo, Patricia Otero, puxo en valor as medidas do goberno de España nesta crise, como o pago dos ERTE, as axudas a autónomos ou o ingreso mínimo vital.

“Temos mil e un motivos para saír á rúa e dicir que non é igual que gobernemos uns ou que gobernen outros”, incidiu, e criticou a “inacción” de Feijóo fronte ao traballo dunha maioría de alcaldes socialistas na súa provincia e do

presidente da deputación. “Só nos queda desbancar ao PP da Xunta”, arengou, convencida de que Gonzalo Caballero será o próximo presidente.

Tamén interveu Marina Ortega, quen encabeza a candidatura ourensana, e sinalou que a súa provincia parece “o experimento macabro do PP”, á vista do pacto subscrito por Feijóo para manter a Baltar á fronte da Deputación e situar a Jácome no concello.

Por iso, tras “unha década perdida” para Galicia, chamou a situar na Presidencia da Xunta a “unha persoa moi formada e moi recoñecida” como Gonzalo Caballero.

Finalmente, Pablo Arangüena, número un pola Coruña, tomou a palabra para subliñar que “se hai tres meses había vimbios e motivos para o cambio” agora “hai os mesmos vimbios e moitos máis motivos”.

“Se despois de once anos recortou todo o que podía recortar e máis en sanidade e servizos públicos, que non fará se segue gobernando tras o 12X na crise que seguirá á pandemia?”, inquiriu, convencido de que Feijóo “deixaría Galicia como un bonsái” a base de tesoiras. Fronte a isto, comprometeu unha nova política para reconstruír Galicia ao lado da cidadanía.

Humor


MARTIRENA



André Acimun continúa a historia de 'Call me by your name' na novela 'Encuéntrame'.



Crise á vista: goberno de esquerdas, empresarios en contra, o Rei nas cordas. Están lavándonos os cerebro con lixivia.



Educación: cara ou cruz: máis xuntos e menos profesorado.



Empregada de Correa na empresa Gürtel. Isabel Jordán, administradora de empresas da Gürtel contradí a versión de Aguirre.



Feijoó ou a ambigüidade calculada: os días pares con Génova, e os impares toma distancia de Casado.



Feijoó toma distancia con Casado coas eleccións en Galicia como telón de fondo.



Constitución: carta outorgada do Rei aos súbditos?



Última fantasía: os gobernos autonómicos reclaman poder controlar aos mardileños e Madrid preocupase dos virus foráneos.



Xornaleiras marroquís embarazadas: Rachida e Fatima non poden volver a casa. Non teñen perfil de vulnerables.

Por Ramón Coira Luaces

Paz e xustiza

ETA actuou como vingadora de anti-fascistas e nacionalistas e chegou a ter moitas simpatías e apoios. Pero... (todo ten un pero) matou demócratas e matou inocentes. Así que, como mínimo, pasouse de freada. Eles mesmos o recoñeceron e pediron perdón. No que a min respecta, estamos en paz. Aínda que

hai xente que, lamentablemente, segue en guerra con eles...

Nos vosos libros de Historia alternativos (tamén son meus porque comprei e lin un par deles) aparecen os nomes dalgúns dos asesinos franquistas. Paréceme ben, a cada quen o seu. Só comentarei que tamén houbo membros das Forzas e Corps

de Seguranza leais á República e outros que, estando no bando franquista, salvaron vidas ou sufriron represalias en silencio. Vós tedes unha herdanza antifranquista de dignidade, que podeades compartir ou non... Pero nós, tamén xente do común que só busca ou buscaba sobrevivir, temos a nosa: unhas veces brilla e outras cae na lama. É o noso sino... Polo demais, tod@s podemos ser bos / boas e intelixentes e, ao mesmo tempo, cretin@s e

ruíns: é parte da natureza humana. As terras onde nunca chove -falo metafóricamente- son ermas e terreo propicio para o fascismo, cuxa auxe nos ameaza a tod@s. Porén até nos desertos hai vida e poden florecer por mor dunha treboada...



A democracia

O fascismo en España nunca foi derrotado. Pactou unha Transición cos demócratas, pero non foi derrotado e faise ver continuamente. O Estado español é plurilingüístico e plurinacional e, se fose plenamente democrático, recoñecería o dereito de auto-

determinación dos pobos e, en vez de reprimilos pola forza, intentaría atraelos pacificamente, negociando con eles (con respecto á súa soberanía e liberdade) un novo marco de convivencia. Tal cousa non existiu nin parece probable, polo que tod@s @s pres@s independentistas son

pres@s polític@s. Algúns violaron os dereitos humanos individuais, outros son absoluta e totalmente inocentes e outros causaron danos materiais. Porén tod@s deberían estar en liberdade nun Estado verdadeiramente democrático, pois de recoñecerse o dereito de autodeterminación dos pobos non existirían os seus delitos, reais ou imaxinarios. Non é o caso. O pobo español case sempre é un

pobo opresor; só é demócrata quen recoñece de verdade -e non coa boca pequena- os dereitos dos demais pobos. Levade á desesesperación á xente e acabaredes tendo o que vos merecedes. @s demócratas españois -con honrosas excepcións- convivides co fascismo sen grandes problemas. Pero para ser demócrata de verdade hai que ser primeiro antifascista, non vale facer o cego.

Sobre o socialismo “utópico” e o anarquismo

Igual é un título demasiado ambicioso para os breves comentarios que vou facer (a tenor da lectura de dous libros: “Anarquistas galegos en América” de Bieito Alonso e “Nacionalismo e anarquismo na Galiza” de Dionisio Pereira e Eliseo Fernández); pero gosto del vouno deixar así. O socialismo “utópico”, chamado así polos marxistas “científicos” foi descartado por estes por consideralo

pouco frutífero. Porén eu sempre gostei del polo seu humanismo, pacifismo, afán de xustiza e porque non caeu nos excesos do socialismo real. A influencia dalgúns destes pensadores e activistas constátase en Rosalía de Castro (por exemplo concreto no caso de Proudhon). Pondal tamén simpatizaban con eles. E Curros andaba aí... Moitos dos galegos que emigraron a América (algúns sendo adolescentes) fixé-

ronse anarquistas. Había moitos activistas galegos ben do anarcocomunismo, anarcosindicalismo ou anarcoindividualismo. Pódese rastrexar o nome de moitos deles (Barcia, Troitiño, Seoane,...) e de catro mulleres. Editaron xornais e teceron redes de colaboración desde as que organizaron actividades culturais, folgas e protestas. No Canal de Panamá seique traballaron uns 5.500 galegos. E na sublevación da Patagonia que se saldaron con centos de mortos tamén participaron moitos galegos e destacou o liderazgo de Soto. As condicións laborais por toda América eran moi duras, de brutal explotación. Decía Marx que o capitalismo tende a destruír as súas

dúas fontes de riqueza: as persoas e a natureza. Bastantes deles foron deportados polas autoridades americanas. Destaco tamén que moitos galegos traballaron no penal de Usuaia. En Galiza tamén houbo grupos anarquistas e neles destaca xeralmente o seu escaso compromiso co idioma e cultura galegas. Porén moitos si foron destacados activistas antifranquistas e defensores coas armas da II República. Tamén se fala no segundo libro de Ricardo Mella e de Manuel Antonio... O anarquismo -como outras ideoloxías- era vivido por moitos dos seus adeptos co fervor dunha nova relixión. Sempre me preguntarei se o meu avó materno era un deles...

Centenario da revista “Nós”


Celebramos o centenario da aparición en Ourense da revista “Nós”, órgano de expresión da Xeración Nós. A idea de facer unha revista monolingüe sobre a cultura galega, xurdiu nunha xuntanza en Pontevedra, á que asistiron Risco, Cabanillas, Losada Diéguez e Castelao (de quen partiu a idea de chamala “Nós”). A súa publicación era mensual e Vicente Risco e Arturo Noguerol, ocuparon os cargos de director e xerente da mesma. Xulio Gallego foi secretario, Xavier Prado Lameiro, redactor xefe. Castelao foi director artístico. E redactores: Losada Diéguez, Ramón Cabanillas e González Salgado. A revista defendía o idioma galego e incluía traballos sobre pensamento político, filosofía, antropoloxía, etnografía, folclore, litera-

tura, lingua,... mantendo un forte compromiso ideolóxico co país. Era celtista, lusista e amosaba unha simpatía especial por Irlanda, que neses momentos loitaba pola súa independencia. Vicente Risco buscaba con afán colaboracións de fóra de Galicia, para darlle á revista unha dimensión europea. O primeiro número apareceu o 30 de outubro de 1920 en Ourense, onde se publicou até o número 15. A súa sé estaba na rúa Padre Feixóo e onde agora hai unhas placa conmemorativa adicada á revista e a Arturo Noguerol, tristemente asasinado polos fascistas. Este círculo ourensán foi o que lle deu o pulo inicial: Vicente Risco, Otero Pedrayo e López Cuevillas (xunto con Castelao). Despois pasaría a ter a súa administración na Coruña e Santiago de Compostela, na sé da

editorial “Nós”. O enderezo postal sempre estivo no domicilio de Risco. En 1923 pasa a imprímese en Pontevedra, até que a Ditadura de Primo de Rivera suspendeu a publicación. Volverá o 25 de xullo de 1925, a iniciativa de Anxel Casal, en A Coruña, coa colaboración dos membros do Seminario de Estudos Galegos. A partir do número 88 imprimiuse en Santiago, até a sublevación militar de 1936. O último número non chegou a distribuírse.

A revista pretendía elevar o uso do galego até a alta cultura, buscando tamén crear unha estética xenuinamente galega, baixo a dirección artística de Castelao. Colaboraron nela: Fermín Bouza-Brey, Anxel Fole, Otero Pedrayo, Luís Pimentel, Lois Tobío, Teixeira de Pascoaes, entre outros.

Partindo do individualismo, cosmopolitismo e da inicial falta de apego ás súas propias raíces (excepto Castelao), a xente da Xeración “Nós”, acabou descubrindo a



súa identidade galega e profundizou nela, modernizando os estudos de historia, arqueoloxía, etnografía,... e dándolle á nosa cultura unha grandeza intelectual que nunca antes tivera.

Sober pide axuda europea para dotar de Wifi zonas de afluencia turística

O Concello de Sober vén de solicitar o programa europeo WIFI4EU destinados aos municipios pequenos para dotar de WIFI gratuita diferentes zonas de afluencia turística. No caso de Sober esta axuda, que pode chegar aos 15.000 euros, empregárase para dotar de conexión aqueles lugares nos que hai máis afluencia de visitantes, como pode ser Doade. A concesión deste proxecto permitiría crear unha rede de puntos de acceso gratuítos e de alta velocidade a Internet en diferentes lugares públicos de Sober.

O Concello ten previsto ampliar a mesma rede con fondos propios municipais para poder estendela a outras zonas, como Os Chancís, os miradoiros, as proximidades das casas de turismo



O Concello quere de Doade dispoña de Wifi.

rural ou a propia capitalidade. O obxectivo da iniciativa Wifi4EU é proporcionar en toda a UE a residentes e visitantes acceso a internet de alta calidade a través de puntos de acceso Wi-fi gratuítos situados en espazos públicos como parques, prazas, edificios administrativos, biblio-

otecas ou centros de saúde.

Os bonos financiados pola Comisión Europea a través desta iniciativa concederáse para axudar aos municipios para instalar os puntos de acceso Wi-fi nestes centros da vida pública, utilizando os servizos de empresas de instalación de Wi-fi.

A Mariña logra 18 bandeiras azuis das 119 de Galicia

A Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC) organizou unha rolda de prensa vía telemática. ADEAC é impulsora do proxecto que recoñece o labor das administracións e organismos que protexen e garanten as sustentabilidade do medio ambiente. Os oito municipios da provincia de Lugo que teñen costa logran algún galardón. O Vicedo consegue dúas bandeiras azuis (praias de Abrela e Xiloi); Viveiro, unha (Area), Xove, unha (Esteiro); Cervo, unha (Ou Torno); Burela, tres (A Marosa, Ou Portelo e Ril); Foz, cinco (A Rapadoira, Areoura, As Polas, Llas e Peizás); Barreiros, tres (Cantil-Remior, Coto e Fontela-Valea); e Ribadeo, dous (As Catedrais e Vos Castros-Illas).

Virginia Yuste, vicepresidenta de ADAEC sinalou que estamos #ante «un ano moi especial» debido ao coronavirus. Dirk Glaesser, director do Programa de Desenvolvemento Sostible do Turismo da Organización Mundial

do Turismo, recalcou que a pandemia «nos ha demostrado que somos vulnerables», así como «a necesidade de facer un modelo de turismo máis forte e que estea enfocado á sustentabilidade». José Palacios, vicepresidente da ADEAC e membro do grupo de investigación en Actividades Acuáticas e Socorrismo da Universidade da Coruña, mostrou a súa confianza en que os usuarios das praias e os socorristas serán capaces este ano de adaptarse á nova realidade polo covid-19.

Investigadores

A ADEA elaborou un documento «moi contrastado e apoiado» por máis de 130 técnicos e investigadores de máis de 11 países no que sentan «as bases de como facer os rescates» a partir de agora. ADEAC aconsella «ao 100% que se evite o corpo a corpo», e que as operacións de auxilio leven a cabo da maneira máis segura para evitar contagios, tanto por parte do auxiliado como do socorrista.

Deste xeito, segundo Palacios, deben gañar en importancia nas tarefas de salvamento nas praias medidas como o uso de drons ou de táboas de pádel surf (preferentemente plásticas), ou do chamado balón resucitador con filtro antiviral.

Isabel María Oliver Sagreras, secretaria de Estado de Turismo o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, lembrou que en breve publicárase unha guía elaborada por administracións, empresas e axentes sociais sobre as prevencións que haberá que adoptar este ano nas praias polo covid-19. «O máis importante é o control de aforo e o distanciamento social», expuxo, antes de indicar que serán as administracións locais co apoio das comunidades autónomas as que establezan esas medidas en relación, por exemplo, coa creación de aplicacións tecnolóxicas de control de aforo ou controis de acceso. «Cada praia é un mundo e o obxectivo é reducir riscos de contaxio», apuntou.

Modernización da rede de augas en Sober



O Concello quere mellorar o abastecemento de augas.

O Concello de Sober inviste 40.000 euros nas obras de modernización da rede de abastecemento e implantación dun sistema de control para a optimización do consumo de auga potable. Instalouse un novo sistema de xestión da rede municipal de augas coa finalidade de mellorar o abastecemento e controlar o consumo. A obra de modernización da rede interna do depósito e telexestión do sistema contou cun investimento de 40.000 euros con cargo o Plan Único de 2019 e supuxo

unha importante mellora nas instalacións municipais. As obras permiten que agora se poida controlar o consumo por zonas e detectar posibles fugas ou enganches ilegais.

O Concello vai facer un estudo minucioso por tramos para detectar este tipo de anomalías e impor sancións a quen incumpra. Ao mesmo tempo recordase a importancia dun consumo de auga ordenado e a prohibición de regar, lavar coches ou encher piscinas con auga da traída, entre outras posibles ilegalidades.

Sober ofrece oficina para o teletraballo

O Concello de Sober porá en funcionamento dotada cun mínimo de 6 postos individuais con fibra óptica para pemes e emprendedores. As instalacións que o goberno local vai habilitar estarán emprazadas na primeira planta da Oficina de Turismo na Praza do Concello. A oficina poderá ser empregada por veciños de Sober que necesiten teletraballar e non dispoñan de rede adecuada nos seus domicilios e tamén para aquelas pemes ou emprendedores que non teñan un local no que traballar.

O espazo coworking municipal está especialmente indicado para os profesionais que realicen a maior parte do seu traballo con medios informáticos. Todos eles disporán de conexión a Internet mediante fibra óptica e mobiliario básico de oficina, cumprindo a normativa de seguridade e distanciamento social referida á prevención do COVID-19.

O Concello encargárase dos labores de limpeza e desinfección dos postos de traballo e comunicará aos usuarios as medidas hixiénicas e de uso que deberán cumprir durante a súa estancia no recinto.

Axuda ós emprendedores

O obxectivo é poder axudar a pequenas empresas, emprendedores e profesionais do Concello de Sober que non poidan facer fronte ao pagamento de alugueres de locais ou non teñan conexión á rede nas súas vivendas, vendo así perigar a continuidade do seu negocio. O Concello de Sober elaborará un regulamento de uso que permita organizar o espazo e establecerá un prezo simbólico para dispor das instalacións e organizar horarios. A asignación dos espazos de traballo realizarase por orde de recepción de solicitudes, que poderán facerse por vía telemática ou chamando ao Concello de Sober, unha vez se publique o regulamento.

O alcalde quiere que Monforte volva ter unha ponte de ferro

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, convocou unha rolda de prensa para dar a coñecer os detalles do que sen dúbida é, en verbas do mandatario municipal, “un proxecto moi importante que que eu como alcalde comprometéin cos veciños e coas veciñas de Monforte para que sexa realidade durante o actual mandato. Trátase da Ponte Nova do Malecón sobre o río Cabe de Monforte”. “É o meu desexo” continuou o alcalde “que os veciños e veciñas de Monforte recuperemos parte da nosa historia cunha nova ponte ubicada no Malecón, semellante á antiga Ponte de Ferro que estaba situada no lugar que ocupa a actual ponte nova na Avenida de Galicia, unha ponte que caeu nos anos 50 do século XX”.

Precisamente esta é condición

indispensable que deben cumprir todas aquelas persoas que queiran presentar os seus deseños para a Ponte nova, é dicir, que os deseños teñen que ser semellantes á antiga Ponte de Ferro de principios de século XX. “Recuperar a nosa historia contribúe ó sentimento de orgullo dos monfortinos, recuperando infraestruturas emblemáticas do pasado e ó mesmo tempo melloramos as comunicacións interiores da cidade, facilitando as comunicacións entre veciños e tamén entre as distintas zonas de Monforte”, engadiu o mandatario municipal.

Características

Co fin de mellorar a conexión entre as dúas marxes do río Cabe, o alcalde prantexou a execución dunha nova ponte metálica, de características similares á que existiu no seu momento. Deste xeito, unha estrutura similar á

da antiga ponte de ferro, sen apoios no río, volverá a ser unha realidade visible en Monforte, adaptada ás necesidades viarias actuais, con 2 carrís de 3,5 metros de ancho, un para cada sentido da circulación, e as beirarrúas de 2,5 metros de ancho cada unha para facilitar o paso dos peóns.

“Cando isto sexa realidade no horizonte de este mandato, a ponte vella ou Ponte Medieval, converterase en peonil, para conservar o monumento, para disfrute da xente e para contemplar placidamente a paisaxe río arriba e río abaixo sen o agobio dos coches” precisou Tomé Roca.

Asemade, propónse a conexión do Paseo do Malecón coa rúa Santa Clara á altura da Corredoira para darlle continuidade cara ó Hospital Comarcal o que supoñerá un novo acceso ó complexo sanitario, ocupando o espazo onde



se ubica a pasarela de madeira.

Concurso de ideas

O Concello ven de convocar o concurso de ideas para a Ponte Nova, tendo como referencia básica a antiga Ponte de Ferro, que deberá ser semellante á que se derrubou nos anos 50 do pasado século. “Non haberá premios en metálico”, especificou o alcalde “o premio para a proposta gañadora será a redacción do proxecto construtivo e a dirección de obra durante a súa construción”.

“Proxectos coma este, marcan a historia das cidades, porque pasan a formar parte da súa estrutura urbana para sempre, ou polo menos para moitos anos. Con proxectos coma este, Monforte recupera a súa esencia e vai por bo camiño”, concluíu Tomé Roca.

O Pazo de Tor reabrirá en Monforte con garantías de saúde colectiva

Maite Ferreiro, vicepresidenta da Deputación contrastou co persoal da Rede Museística as medidas que se adoptarán para o control do aforo e a definición dos percorridos de cara a previr o contaxio da Covid-19, tanto en Tor coma nos outros tres museos da Rede Museística, que xa contan con dispensadores de xel hidroalcohólico, alfombras desinfectantes e sinalética para marcar o distanciamento físico. A vicepresidenta visitou as estancias do pazo e as dependencias anexas -onde se ubicaban as cortes dos cabalos, a cocheira ou as salas de torneos e gornicións- e interesouse pola contorna da edificación, unha finca dunhas 200 hectáreas de gran valor paisaxístico e natural.

Maite Ferreiro referiuse á recente declaración do pazo como Ben de Interese Turístico Cultural (BIC) e subliñou “o obriga de protexer os elementos do noso patrimonio cultural e natural”. Nesa liña, expuxo o compromiso da Vicepresidencia da Deputación de Lugo coa pro-



O Pazo de Tor foi o museo da Rede Museística Provincial que máis medrou en número de visitantes en 2019.

tección e conservación do pazo que, lembrou, “é un dos moitos valores que avala a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial da Humanidade”.

O Pazo de Tor, construído no século XVIII sobre vestixios ligados á linaxe dos Garza, está considerado como unha das mellores mostras de arquitectura dos pazos galegos. As habitacións, comedores e salóns, que conservan a distribución e estrutura orixinal, acollen tamén

mobiliario, teas, vaixelas e obras artísticas que reflicten a decadencia da nobreza galega rebaxada á condición de fidalguía no devir da Idade Moderna.

A última propietaria do pazo, María de la Paz Taboada de Andrés y Zúñiga, doou á edificación e os terreos que a rodean á Deputación de Lugo no 1998. Tras unhas obras de acondicionamento e mellora, o pazo abriu as súas portas como museo o 13 de xullo de 2016.



MARTIRENA



MARTIRENA

Monforte quiere mellorar o alumeado urbano e rural

O Concello de Monforte solicitou ó IDAE dous proxectos para mellorar a totalidade do alumeado urbano e rural. En total solicitouse ó Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE), para a posta en marcha destes dous proxectos, a cantidade de 3.361.360,65 euros, da que, no caso de ser concedida, o Concello aportará o 20% da mesma, 672.272,13 euros. Esta petición foi aprobada por Decreto de Alcaldía e ratificada por unanimidade no Pleno da Corporación Municipal de Monforte celebrado en xuño

Sentenza

O Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 2 de Lugo ven de fallar a favor do Concello de Monforte en relación co recurso interposto pola empresa Aqualia sobre o pago das obras de renovación da rede de abastecemento das rúas Corredoira, Irmáns da Pena e José Garabantes. A sentenza supón que a empresa Aqualia deberá asumir os custes da obra de renovación da rede de abastecemento das rúas do entorno do Hospital e ingresar nas arcas municipais a cantidade de 167.696,97 euros. O alcalde amosa a súa satisfacción pola resolución favorable deste proceso, que se iniciou en novembro de 2018.

Violencia machista

O Concello monfortino segue a manter activa a campaña posta en marcha a principios do mes de abril contra a violencia machista, ante a crisis do Covid-19, co ob-



Labores de limpeza na lagoa do Parque dos Condes.

xectivo de lanzar unha mensaxe de apoio e de confianza ás mulleres que poidan estar sufrindo violencia de xénero durante o confinamento. Baixo o lema “Seguimos aquí, estamos contigo. A violencia machista parámola unidas”, o Concello de Monforte, en colaboración coa Unidade de Violencia de Xénero da Subdelegación do Goberno en Lugo, céntrase na necesidade de trasladar seguridade e confianza nos servizos especializados de atención e información para as vítimas, que foron reforzados durante este período de crise sanitaria.

“O obxectivo”, sinala o alcalde “é transmitir ás mulleres vítimas de violencia machista, así como á súa contorna máis próxima, que os servizos de atención ás vítimas seguen funcionando; e que as mulleres poden saír á rúa nunha situación de urxencia, independentemente das fases de desescalada na que se atopen”. Existen teléfonos directos destinados ás vítimas de

violencia machista que seguen funcionando con normalidade a pesar da crise do coronavirus: O 016, que non deixa pegada na factura. O 112, de emerxencias. Os 682916136 e 682508507, WhatsApp de apoio psicolóxico. E o 982416350, que é o teléfono do Centro de Información á Muller (CIM) de Monforte.

Parque dos Condes

O Concello realizou limpeza da lagoa do Parque dos Condes xa que logo o alcalde considera que “a chegada de visitantes, co inicio dos meses de verán e a ubicación privilexiada da Lagoa, no centro da cidade e integrada nun dos parques máis utilizados polos monfortinos e monfortinas, fai máis que necesaria a súa limpeza”. Os traballos consistiron no baleirado da mesma e na retirada dos lodos que se acumulan ó longo de todo o ano na lagoa, para o cal se destina un orzamento de arredor de 5.000 euros.

Limpeza da Ponte Vella de Monforte



Traballos de limpeza na Ponte Vella.

A Brigada Municipal de Parques e Xardíns do Concello de Monforte procedeu acometer os traballos de limpeza da vexetación superficial que se foi acumulando nestes últimos meses na Ponte Vella. En concreto, as tarefas van consistir no corte da maleza e limpeza das herbas para resaltar a beleza do monumento. O alcalde salientou que “a limpeza e o axeitado mantemento deste Ben de Interese Cultural é unha das actuacións que este goberno contemplou dende o principio. A Ponte Vella é un monumento que forma parte da imaxe da nosa cidade e por iso debemos mantela nas mellores

condicións, co obxectivo de que no futuro sexa peonil para o disfrute dos monfortinos e turistas que nos visitan”. Neste senso, o mandatario municipal recordou que, “tras presentar o proxecto da Ponte Nova do Malecón sobre o Río Cabe, unha ponte que será semellante á antiga Ponte de Ferro que caeu nos anos 50 do pasado século XX, cando a Nova Ponte sexa unha realidade no horizonte de este mandato, a Ponte Vella, pasará a ser peonil, para conservar o monumento, para o disfrute da xente e para contemplar placidamente a paisaxe río arriba e río abaixo sen o agobio dos coches.”

Ofrenda do Antigo Reino de Galicia en recordo ás vítimas da Covid 19

O recordo ás vítimas que faleceron durante a pandemia e o recoñecemento a quenes loitaron na primeira liña contra a covid-19 e a sociedade que permaneceu confinada, foron as claves da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia ao Santísimo na catedral de Lugo.

Este ano, a ofrenda, que se fai de forma rotatoria por parte dos alcaldes das sete cidades do

Antigo Reino de Galicia, foi presentada pola rexedora de Lugo, Lara Méndez, e contestada polo bispo da súa Diocese, Alfonso Carrasco Rouco. Méndez, lembrou a singularidade da catedral de Lugo por “o privilexio de manter o Santísimo Sacramento permanentemente custodiado por unha chama sempre acesa no o seu altar maior, o que a fai única no mundo. Patrimonio da Humanidade xunto coa Muralla romana” e o

“Camiño Primitivo”, motivo “de orgullo para a nosa cidade”. Esta “ofrenda adquire máis valor pola excepcionalidade da celebración, que evocaremos co paso do tempo por enmascarse en momentos de gran tristeza, de loito e de dor, así como de gran incerteza”, como consecuencia dunha “pandemia, a da covid-19, que deixa tras de si a milleiros de familiar orfas dos seus seres queridos”.

A pedimento do Bispado de

Lugo, a Xunta de Galicia comunicou o inicio dos trámites para promover a declaración como Ben de Interese Cultural (BIC) da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento, tendo en conta que se trata “dunha tradición cunha acreditada historicidade que destaca a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario” para a propia Comunidade Autónoma.



Ofrenda do Antigo Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento na catedral de Lugo.

100X100 COMPROMISO

Contribuíndo ao desenvolvemento;
sendo o maior motor de emprego no sector
da alimentación en Galicia; potenciando
a cultura, o deporte e a integración social;
garantindo un servizo de calidade
con cada vez máis puntos de venda.
Traballando polo futuro de Galicia.



100X100 COMPROMETIDA CO FUTURO DE GALICIA



gadisline.com

Homenaxe a Alexandre Bóveda en Ourense

Dende a Fundación Alexandre Bóveda queremos enviar un agarimoso saúdo a quen vos achegastes en Ourense a conmemorar o nacemento dun economista brillante, diante -ademáis- da escultura que lle dedicou Buciños, recentemente galardoado pola Fundación Otero Pedrayo co Premio Trasalba 2020.

Agradecemos tamén ao Concello de Ourense a celebración desta efeméride, nun momento tan complexo, e a quen aceptou o encargo de lervos estas liñas, dada a nosa imposibilidade de estarmos presentes.

Hai dous fitos fundamentais arredor de Alexandre Bóveda: o seu nacemento aquí, na rúa da Barreira de Ourense, o 4 de xuño de 1903, e o seu fusilamento na Caeira, no concello pontevedrés de Poio, o 17 de agosto de 1936.

Foi nesta cidade de Ourense onde se empeñou en aprender matemáticas e fran-

cés, pero tamén onde comezaría a colaborar en La Zarpa, diario agrarista fundado por Basilio Álvarez, e a entender os incipientes cambios políticos que se estaban a producir nesta época, que darían no golpe de Estado de Primo de Rivera, co apoio explícito da Monarquía.

Viviu Bóveda, en primeira persoa, a clausura dunhas Cortes e a instauración dun Directorio Militar que se prolongaría, con distintas intensidades, sete anos; inculcando en España o xerme do fascismo corporativo. Viu como a sociedade espertaba e era capaz de sinalar a inxustiza, o abuso de poder e a intervención militar, utilizada sempre como elemento privilexiado da clase dominante. E, finalmente, celebrou a chegada da II República mediante unhas eleccións democráticas.

Paradóxicamente, o seu firme convencemento en que pagase máis impostos quen máis tiña, na identidade galega e na democracia serían os elementos que o le-



Homenaxe a Alexandre Bóveda na rúa Barreira de Ourense.

varían a ser asasinado por fascistas, constando entón o que Castelao vira nas rúas de Madrid pouco tempo antes, e que o significado do arrouto patriótico do “¡Viva España!” quería dicir “¡Muera la República!” e todo o que en dereitos e liberdades trouxera consigo.

Dende hai meses escoitamos discursos que se aproximan moito ao que Bóveda vía hai noventa anos. Discursos de odio, cheos de falsas doutrinas e valores de rec-

titude moral aos que non se debería volver, xa que os resultados aínda doen e son hoxe de sobra coñecidos.

Por isto, e para que non se volvan repetir as atrocidades do noso pasado máis recente, queremos rematar dando voz ás palabras dunha muller perseguida polo nazismo, Hannah Arendt: “Na medida en que realmente poida chegarse a “superar” o pasado, esa superación consistirá en narrar o que sucedeu”. Moitas grazas.

XIV Simposio sobre Enerxías Renovables en Expourense

Expourense acolleu o XIV Simposio sobre Enerxías Renovables que puxo en valor o papel que xoga a arquitectura na construción de edificios sostibles, eficientes coa tendencia ao “consumo case cero” presentando para iso casos de éxito de varias zonas de España e que poderían ser aplicables a Galicia, e as tendencias en solucións arquitectónicas e instalacións de climatización con enerxías renovables que marcan as principais liñas de traballo no sector. Tamén se reivindicou a necesidade de alcanzar un crecemento económico sostible, onde a economía e a implantación de enerxías renovables vaian da man.

Tratouse do primeiro eventor híbrido celebrado en Galicia na denominada “nova normalidade”, é dicir, que se desenvolveu nun formato mixto entre presencial e online. Contou coa participación de 11 relatores que participaron uns de modo presencial e outros vía online e cuxas intervencións foron seguidas por máis de 150 profesionais de toda España. 50 deles acudiron ao hall de Expourense e o resto seguíronos desde a

plataforma virtual zoom ou a través da emisión en directo desde a páxina de Facebook de Expourense.

Esta xornada estivo organizado por Expourense coa colaboración da empresa ourensá INGEIO, e contou co apoio da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Ourense e a Deputación Provincial de Ourense.

Os relatores que participaron neste simposio foron arquitectos e enxeñeiros de empresas que son referentes en eficiencia enerxética en España e presentaron casos prácticos de éxito de arquitectura eficiente e sostible realizados en todo o país e que abordaron as oportunidades do sector que virán marcadas polas liñas estratéxicas europeas para o 2050. O obxectivo foi orientar a promotores e construtores no uso de enerxías renovables como vantaxe á hora de vender as súas promocións inmobiliarias.

Tamén se abordou o papel das enerxías renovables no Green Deal Europeo, o Pacto Verde que busca reverter o cambio climático e frear os seus efectos. O director da Representación da Comisión



Europea en Barcelona, Ferran Tarradellas, reivindicou a importancia das enerxías renovables como motores de desenvolvemento económico local aludindo a que Europa inviste ao ano máis de 400.000 millóns de euros na importación de gas e petróleo a países non europeo. Pola súa banda, o arquitecto técnico ourensán, José Manuel Rodríguez, expuxo a realidade sobre os edificios que consomen enerxía próxima a cero. Participou neste relatorio tamén o arquitecto técnico de Alexo e membro da Unidade Técnica da Universidade da Coruña, Alejandro

Martínez, que explicou a experiencia da Universidade na “evangelización enerxética” do uso de renovables.

O segundo bloque da xornada estivo destinado a explicar as axudas existentes para o aforro e a eficiencia enerxética por parte das distintas administracións desde as liñas de financiamento europeas para proxectos innovadores no ámbito das enerxías renovables. Exemplos disto son os Programas Horizon 2020 e Horizon Europe ou os incentivos autonómicos que desde o INEGA (Instituto Galego de Enerxía) déronse a coñecer

neste simposio e que foron explicados polo Xefe de Área de Renovables desta entidade, Joaquín López, quen tamén fixo referencia aos cambios nos prazos das convocatorias de axudas provocados pola pandemia do COVID-19.

Proxecto GeoAtlantic

A cidade de Ourense, sede deste simposio, tivo tamén o seu espazo cun relatorio na que se explicou o potencial termal da cidade, impulsora do proxecto europeo GeoAtlantic, o primeiro proxecto europeo da área Atlántica seleccionado para a promoción da geotermia no espazo europeo. Está cofinanciado polo Programa de Desenvolvemento dos Fondos Interreg do Espazo Atlántico.

Este proxecto conta coa presenza de 12 socios de cinco países do espazo europeo, vinculados tanto ao ámbito científico, como ao ámbito empresarial, como de institucións públicas; todas elas expertas en xestión de recursos naturais e enerxías renovables. As accións apostan pola difusión e creación da demanda no sector da explotación de geotermia a nivel europeo e local.